



MUSEO PROVINCIAL DO MAR

‘Museos, Sostibilidade e Benestar’

Día Internacional dos Museos e Día das Letras Galegas

Neste ano 2023 o lema do Día Internacional dos Museos será “Museos, sostibilidade e benestar”, e desde os museos estamos convencidas de que podemos axudar a cambiar positivamente as nosas comunidades, axudando na procura da saúde tanto física como mental das persoas de todas as idades, coidando da nosa contorna e da biodiversidade que a conforma.

Pero este día tan sinalado para os museos, coincidiu no almanaque a carón do Día das Letras Galegas, que neste ano se dedica a Francisco Fernández del Riego, o ilustre mariñán que con tanto empeño se encargou de gardar o noso maior signo de identidade, a nosa lingua.

Unindo tan significadas datas, desde o Museo do Mar propoñémoslle ás nosas comunidades e a todas as persoas que queiran colaborar con nós, unha serie de actividades coas que por en valor a nosa lingua e o noso patrimonio, salvagardando ambos para as xeracións futuras e procurando o benestar de todxs nós.

PROGRAMA

Amarrando a lingua

Cada comunidade, cada territorio ten unhas peculiaridades tanto físicas como ambientais, a partir das cales se conforman as súas costumes e tradicións e os seus signos de identidade, sendo a lingua coa que nomean ás súas accións, ferramentas, sentimentos o maior deles.

Co paso do tempo esas actividades e costumes van cambiando, e palabras que eran habituais deixan de usarse, correndo o risco de perderse no esquecemento.

Por iso no Museo do Mar, centro de memoria, queremos "amarra" esa parte do noso patrimonio oral, esas verbas que xa só uns poucos lembran, para evitar que desaparezan para sempre, e tentaremos nunha actividade interxeracional que xs maiores anoen nos máis novxs verbas en perigo de extinción.

O día 17 de maio anoaremos no Museo esas verbas que o Club Sénior regalará ao Club Pequeamigxs.

-Data: 2 de maio

Horario: de 16:30h a 18:30h.

Actividade dirixida ao Club Sénior.

-Data: 4 de maio

Horario: de 17:00h a 19:00h.

Actividade dirixida á Asociación Camiña.

-Data: 6 de maio

Horario: de 11:30h a 13:30h.

Actividade dirixida ao Club Pequeamigxs.

-Data: 17 de maio

Horario: 12:00h.

Actividade dirixida a todos os colectivos.

Amarrando a memoria

Un museo que sostén a vida non pode deixar escapar os relatos, as vivencias, as experiencias pasadas que por non estar documentadas, amarradas, corren o risco de marchar para non volver.

Esas pequenas historias forman parte da esencia dunha comunidade que vive nun territorio que condiciona as súas circunstancias, que custodia un patrimonio que lle aporta unha identidade.

No Museo Provincial do Mar queremos ir **amarrando** todas esas historias que as persoas da nosa comunidade gardan na súa memoria, para compartiras e nunca perdelas.

Ata o día 18 de maio buscaremos entre as persoas que conforman a comunidade da Mariña a aquelas que xenerosamente queiran compartir con nós as súas lembranzas, as cales queremos amarrar á nosa memoria.

Datas: do 18 de maio ao 31 de decembro.

Horario: de 16:30h a 18:30h.

Actividade dirixida ao Club Sénior.

Amarrando a vida

Algo sostible significa que se pode sostener, e aguantar, apoiar, apuntalar, manter, protexer, defender, amparar ou amarrar son sinónimos de sostener, e no mar para amarrar fanse nós cos que se amarra a sostibilidade, o benestar, a saúde, a cultura, a diversidade, a igualdade, a inclusión, a creatividade, o desenrollo, a innovación, ... A VIDA.

No Museo do Mar no Día Internacional dos Museos queremos AMARRAR A VIDA do xeito que mellor nos representa, cos nosos nós mariñeiro, e o día 18 de maio encheremos a entrada do Museo de nós feitos por todas as persoas das nosas comunidades que queiran colaborar con nós para dar visibilidade á

necesidade de coidar do noso territorio, das persoas que vivimos nel e do patrimonio que nos identifica.

-Datas: 5 e 12 de maio

Horario: de 16:30h a 18:30h.

Actividade dirixida ao Club Sénior.

-Data: 11 de maio

Horario: de 11:30h a 13:30h.

Actividade dirixida á Asociación Camiña.

-Data: 13 de maio

Horario: de 11:30h a 13:30h.

Actividade dirixida ao Club Pequeamigxs.

-Data: 18 de maio

Horario: 12:00h.

Actividade dirixida a todos os colectivos.

Museo Provincial do Mar. San Cibrao (Cervo). Tfno.: 982 594 572 //

museodomar@museolugo.org

Xerencia Rede Museística. Tfno.: 699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org /

comunidadermpl@gmail.com

